

Zas impulsará a figura de Labarta con publicacións e novas accións de divulgación

Na xornada de onte en Baio salientouse a dimensión literaria e creativa do autor, que non ten sido tratado con xustiza

A. LAVANDEIRA

CARBALLO / LA VOZ

Enrique Labarta Pose (1863-1925) vaise facendo máis grande a medida que se van mergullando no estudo da súa obra e do seu labor literario. Así se puxo de manifesto na xornada de onte en Baio. O alcalde de Zas, Manuel Muíño, comprometeuse na clausura do encontro á recompilación das creacións labartianas e á súa publicación e a continuar co labor de difusión dunha figura da literatura galega que non ten sido tratada con xustiza. «Eu mesmo, que nacín en Baio, estou sorprendido pola dimensión da figura de Labarta», dixo, ao tempo que in-

dicou que debe ser situado no espazo que lle corresponde.

Na xornada, que foi guiada por Tania Carreira, Xosé María Rei Lema analizou varios poemas do autor soneirán nos que entre o lirismo e o humorismo amósanse aspectos como a súa preocupación social, a defensa das mulleres e do idioma galego e a crítica do maltrato animal. «O problema é que a xente non se toma en serio o humorismo de Labarta», apuntou a modo de resumo.

Escenario histórico

Xosé María Lema analizou o escenario histórico que lle tocou vivir ao escritor, dende o reinado de Isabel II á ditadura de Pri-



Debate logo da intervención de cada un dos convidados. Na imaxe, de esquerda a dereita, Jorge Mira (moderador), Ricardo García Mira, Xosé María Rei Lema, Xosé María Lema, Milagros Bará e Xosé Manuel Varela Varela. TANIA CARREIRA

mo de Rivera, pasando pola Revolución de 1968, a I República e a Restauración. Apuntou sobre Baio que coincidiu o seu maior crecemento xusto coa vida do literato. Foron claves a construcción da ponte baiesa (1852) e a estrada á Coruña. En 1898 rematouse a vía de Baio a Santa Comba-Santiago. O primeiro auto que houbo no pobo foi precisamente dun sobriño do escritor, Joaquín Álvarez Labarta. O caciquismo reinante, doutro lado, foi un dos temas presentes na obra do escritor. Milagros Bará Viñas, cronista

pontevedresa, apuntou: «Labarta é un dos personaxes más fascinantes dos que teño escrito». Destacou a gran importancia que tivo en todos os eidos da vida de Pontevedra, onde viviu 11 anos. Alí escribiu narrativa, poesía, teatro, fixo fotografías e creou e dirixiu xornais e revistas. «Conectou de inmediato coa sociedade pontevedresa», engadiu. A súa intervención e o apropósito para o entroido de 1900 aínda son lembrados actualmente. A súa morte causou unha gran consternación na cidade.

Foi un dos pioneiros na defensa da muller

A xornada rematou cun percorrido por lugares da obra labartiana. A sesión da mañá concluíu cunha mesa redonda moderada por Jorge Mira, líder do grupo que promove a divulgación do escritor baiés. Antes diso, o catedrático Ricardo García Mira, que o pasado xoves pronunciou a lección inaugural do curso da UNED, analizou varios poemas de Labarta dende o punto de vista psicolóxico. Destacou, a modo de síntese, a dimensión emocional de apego, a identitaria, a defensa pioneira da muller e contra a violencia de xénero, así como a crítica a través do humor e da sátira. Sendo parlamentario, García Mira propuxera a declaración de apoio a Labarta e Pondal no Congreso dos Deputados.

Outro dos participantes onte foi o filólogo Xosé Manuel Varela, quen lle fixo recitar aos asistentes *A festa da patrona de Taboalón*. Analizou a variedade dos recursos poéticos e retóricos do poeta baiés: metáforas, hipérbatos, quiasmos ou, entre outras, comparacións e a força narrativa. Dixo que algúns estrofes están entre as selectas da poesía galega.

**XIX
EDICIÓN**

**CONCURSO
CONTOS DE NADAL COSTA DA MORTE**

Poden participar os nenos de 2º ciclo de Primaria de todos os centros escolares da Costa da Morte.

- Cadarelato debe ter unha extensión máxima de dous folios (1.500 caracteres).
- Os relatos deben estar relacionados co Nadal.

Premios para os 3 mellores e diplomas para os 10 contos seleccionados.

**INSCRICIONES
ANTES DO 30 DE NOVEMBRO DO 2022**

Lugar de inscripción: r/Gran Vía, 84, 1º. 15300. Carballo, ou en eventos.carballo@lavoz.es.

Cada colexio deberá enviar os textos perfectamente identificadas o enderezo: r/Gran Vía, 84, 1º. 15300. Carballo, ou en eventos.carballo@lavoz.es.



Adjudicados en A Laracha proyectos de mejora de la red viaria por más de 200.000 euros

CARBALLO / LA VOZ

El Concello de A Laracha anunció este sábado que se acaba de adjudicar una serie de proyectos encaminados a mejorar la red viaria en diferentes puntos del término municipal. Las obras afectarán a un total de 15 núcleos de población repartidos en nueve parroquias y sumarán una inversión que supera los 200.000 euros. Todas las intervenciones, que serán cofinanciadas por la Deputación de Coruña al estar incluidas en el POS+ 2022, contemplan la renovación de la superficie de rodadura y la corres-

pondiente señalización horizontal y vertical en carreteras que están situadas en núcleos rurales o también en sus accesos.

En la parroquia de Lestón se mejorará la vía a la iglesia de San Martiño desde A Rabadeira. En Cabovilaño actuarán en A Braña y O Cancelo. En Soutullo lo harán en O Vilar, Os Bidueiros y A Abeleira. En Soandres, en Borreiros y Curros. En Cotoiro, en O Coto y As Meneiroas. También se adjudicaron, finalmente, actuaciones en Torás (en A Barreira), Golmar (O Igrexario), Vilaño (Os Meáns) y Erboedo (Paredes).

Vieiro pide medidas para no incitar a la adicción en el juego

CARBALLO / LA VOZ

La asociación Vieiro, con sede en Carballo, se suma a la Unad (Red de Atención a las Adicciones) en la solicitud de la eliminación total de la publicidad de casas de apuestas. Lo hacen en una jornada simbólica, en tanto que ayer se conmemoró el Día Nacional Sin Juego de Azar, fecha provida por la Federación Española de Jugadores de Azar Rehabilitados (Fejar). Así, consideran «inapropiado» promover

«una conducta que puede producir una adicción». Las entidades reclaman, de otro lado, que el Gobierno coordine con las comunidades autónomas la legislación del juego relativa a la población en situación de especial vulnerabilidad, «dada la gran normativa existente en la actualidad y los diferentes enfoques de cada territorio». Ven necesario llegar a un «consenso único» y tienden la mano a los poderes públicos para colaborar y avanzar en esto.